

ANUNCIO

Gabriela Alvarez Currás solicita de Augas de Galicia co CIF: Q1500378C, a autorización de obras no lugar de estrada Fragoselo, parroquia de Coruxo (San Salvador), Concello de Vigo (Pontevedra). O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W36.88861

As obras solicitadas consisten na construción de dúas vivendas unifamiliares en condominio compostas de soto e dúas plantas, cun total de 619,64 m² de superficie total construída, con cimentación e estrutura de formigón, cuberta plana, piscinas de vaso de formigón, peche de lindes e máis actuacións de urbanización interior de parcela de referencia catastral 8908332NG1780N0001HP, en zona de policía e a unha distancia de 39,74 m do leito do Rego do Vao (IDCURSO=10037976), na estrada de Fragoselo, parroquia de Coruxo, concello de Vigo.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Vigo ou nas oficinas deste servizo, situadas na R/ San Salvador, 2-4º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Vigo, a tramitadora – Begoña Espino Pérez (Sinatura dixital)

